

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2017, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, convocado pola Orde do 12 de abril de 2016, pola que se fai pública a relación de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 22 de decembro de 2017, o tribunal nomeado pola Orde do 24 de novembro de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* número 231, do 2 de decembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, convocado pola Orde do 12 de abril de 2016 (DOG número 84, do 3 de maio), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro. Publicar como anexo a esta resolución a relación de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde das puntuacións obtidas e con indicación do seu documento nacional de identidade.

De conformidade coas bases IV.2 e IV.3 da convocatoria, as persoas aspirantes disporán dun prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no DOG desta resolución, para presentar a documentación prevista nas citadas bases.

Segundo. Elevar esta relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para os efectos de que as persoas que figuran nela sexan propostas para o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Terceiro. De acordo co disposto na base III.13 da convocatoria, contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro competente en materia de Función Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2017

Manuel Mateo Díaz
Presidente do tribunal



ANEXO

Relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as

Promoción interna

Nº de orde	Apelidos e nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	4º exercicio	5º exercicio	Total
1	Veiguela Fernández, Noa	76580162Y	71,53	61,13	82,43	76,62	Exenta	291,71
2	Fernández González, Lucía	44489593A	67,69	66,67	66,68	83,13	Exenta	284,17

Acceso libre

Nº de orde	Apelidos e nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	4º exercicio	5º exercicio	Total
1	Rey López, Gonzalo Luis	33278016Y	70,76	65,73	85,00	71,50	Exento	292,99
2	Pérez Lago, Ángel de Jesús	36051889X	56,92	80,66	73,75	63,25	Apto	274,58

